

setembro



lei de sociedades
profesionais



Nº 8 | Setembro 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

LEI 2/2007 DE SOCIEDADES PROFESIONAIS

SOBRE A LEI

A lei 2/2007, do 15 de marzo (B.O.E. nº 65, do 16 de marzo de 2007) de sociedades profesionais, define estas sociedades como aquelas que teñan por obxecto social o exercicio dunha en común actividade profesional para cuxo desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial e inscrición no correspondente Colexio Profesional.

O propósito da Lei é atender á evolución das actividades profesionais nos últimos tempos, onde se está notando un progresivo abandono do exercicio individual de certas profesións cara á prestación dos servizos por agrupacións dos mesmos, xa sexan multidisciplinares ou cunha maior especialización e división do traballo por áreas. Esta realidade fixo necesaria a creación dun marco amplo onde poidan convivir ambas as formas de servizo: individual e asociado.

Esta norma enténdese tamén como garantía para os clientes ou usuarios dos servizos profesionais prestados de forma colectiva, que ven ampliada a esfera de suxeitos responsables.

A citada Lei, establece na súa Disposición Transitoria Segunda, que os Colexios Profesionais constitúan os seus rexistros de sociedades profesionais. Nestes rexistros deberán constar as seguintes mencións:

- Denominación, razón social e enderezo da sociedade.
- Data e reseña identificativa da escritura pública de constitución e notario autorizante; duración da sociedade se se constituíu por tempo determinado.
- A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto da sociedade.
- Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de Colexio Profesional de pertenza.
- Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

Polo momento, o noso Colexio aínda non dispón deste rexistro. No momento en que sexa creado e as sociedades profesionais poidan comezar a inscribirse no mesmo, informarase a todas as Colexiadas e Colexiados.

CAMBIOS IMPORTANTES PARA AS SOCIEDADES PROFESIONAIS

- A sociedade profesional unicamente poderá exercer as actividades profesionais constitutivas do seu obxecto social a través de persoas Colexiadas no Colexio Profesional correspondente para o exercicio das mesmas.
- A Lei afecta tanto ás novas sociedades como ás creadas xa con anterioridade á lei. As sociedades xa creadas terán que adaptarse a esta nova norma no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor e inscribirse tanto no seu Colexio Profesional como no Rexistro Mercantil.
- Transcorridos dezoito meses desde a entrada en vigor da Lei sen que teña lugar a adaptación e presentación no Rexistro Mercantil, a sociedade quedará disolta de pleno dereito, cancelando inmediatamente de oficio o Rexistrador Mercantil os asentamentos correspondentes á sociedade disolta.
- Na denominación social haberá de incluírse, xunto á indicación da forma social de que se trate, a expresión “profesional” e se se puxese de forma abreviada, porase a letra “P” tras as siglas que indiquen de que tipo de forma social trátase.
- As sociedades profesionais deberán estipular un seguro que cubra a responsabilidade na que estas poidan incurrir no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social.
- O rexistro destas sociedades farase público nun portal en Internet baixo a responsabilidade do Ministerio de Xustiza. O acceso ao portal de Internet será público, gratuito e permanente.

Durante o prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, os actos e documentos precisos para que as sociedades constituídas con anterioridade adáptense ás súas disposicións, estarán exentos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais (OS e AJD) e gozarán dunha redución nos dereitos que os Notarios e os Rexistradores Mercantís haxan de percibir.

PRAZOS

- Entrada en vigor da Lei: 16 de xuño de 2007.
- Creación dos Rexistros de Sociedades Profesionais nos Colexios Profesionais: Ata o 16 de marzo de 2008.
- Inscrición de sociedades no Rexistro Mercantil: Ata o 16 de xuño de 2008.
- Disolución de sociedades inadaptadas: 16 de decembro de 2008.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Asistencia á inauguración do Centro San Anibal, que tivo lugar o día 1 de setembro en Burela (Lugo). Asistiu Águeda Valín, vogal do CEESG.
- ✓ Envío de aportacións ao *Proxecto de Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación da dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia*, así como ao *Proxecto de Decreto polo que se regula o Catálogo de Servizos e Prestacións Económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia*.
- ✓ Asistencia á inauguración da nova sede da Concellaría de Benestar Social e Muller do Concello de Santiago, que tivo lugar o día 10 de setembro. Asistiron Laura Cruz e Pablo Montero, Secretaria e Vogal do CEESG.
- ✓ Asistencia ao Foro de debate: Actividades de risco sanitario e social nos mozos, organizadas pola Fundación FEGAS e a Consellería de Sanidade, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 12 de setembro. Asistiu en representación do CEESG Diego Parajó, colexiado.
- ✓ Asistencia o día 17 de setembro ao II Congreso Iberoamericano de Pedagogía Social (XXI Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social) que tivo lugar en Allariz. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed, Vogal do CEESG.
- ✓ Envío de escrito ao concello de Cangas, en relación ás bases de convocatoria das prazas de “Técnico de Xuventude” e “Coordinador/a de ludoteca”, publicadas no taboleiro de anuncios do concello o día 20 de setembro, informando de que a formación das/os Educadoras/es Sociais resulta a máis axeitada para o desenvolvemento das funcións dos postos.
- ✓ Recurso de reposición ás bases de convocatoria dun posto de Experto docente en animación xerontolóxica, publicadas no xornal *Faro de Vigo* do día 22 de agosto, solicitando que a titulación solicitada para o acceso sexa a de Diplomada/o en Educación Social ou habilitada/o polo CEESG.
- ✓ Envío de escrito ao concello de Oleiros, en relación ás bases da convocatoria da praza de “Coordinador de ensino” publicadas no BOP de A Coruña do 26 de xuño informando de que a titulación de Educador/a Social sería a máis axustada para o desenvolvemento do posto.
- ✓ Xuntanza, o día 26 de setembro, con Dona Pilar Souto Iglesias, alcaldesa de Arteixo, en relación ao proceso xudicial concernente ás bases de convocatoria da praza de “Técnico de Planificación Social”, publicadas no BOP de A Coruña de 19 de maio de 2005 (con corrección de erros no de 21 de xuño).
- ✓ Asistencia ao acto conmemorativo do 25 aniversario da fundación do BNG, que tivo lugar na Coruña o día 29 de setembro. Asistiu M^a José Fernández, Presidenta do CEESG.
- ✓ Sentencia do Xulgado do Social N^o1 de Santiago de Compostela, estimatoria da demanda formulada polo CEESG, polo que se anula a convocatoria selectiva regulada pola Orde de 21 de febreiro de 2006, reespecto ás prazas convocadas do Grupo II, categoría 006 Educadores/as Sociais, profesores/as especiais, e establece que a titulación esixida para participar no proceso selectivo polo turno de promoción interna e cambio de categoría é a de Diplomatura en Educación Social e o dereito dos habilitados/as polo CEESG a participar no procedemento selectivo.
- ✓ Difusión masiva a entidades vinculadas á Educación Social, para promocionar o uso da Bolsa de emprego e dar a coñecer o CEESG.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista “UDP”. N^o 217. Julio-Agosto 2007. Unión Democrática de Pensionistas y Jubilados de España.
- Revista “Perfiles. Revista general de política social”. N^o 233. Septiembre 2007.
- *Xuventude e valores. A clave para a sociedade do futuro*. Obra Social La Caixa. Fundación La Caixa.
- *Guía para promover el voluntariado desde la empresa*. Obra Social La Caixa. Fundación La Caixa.
- Boletín “Aldizkaria” N^o 143. Septiembre 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Periódico “Infoxove”. N^o 16 y 17. Agosto y Septiembre 2007. Xunta de Galicia
- Periódico “Entre Mayores”. N^o 71. Septiembre 2007.

ARTIGO DE INTERESE:

BOLSAS PARA A O XIX CONGRESO DA SGXX

XIX CONGRESO DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

Coidados á dependencia: novos retos.

Lugar: Campus Universitario de Ferrol.

Datas: 16 e 17 de novembro.

A Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría celebrará no vindeiro mes de novembro o seu XIX Congreso.

Como xa fixera noutras ocasións, esta entidade ofreceu ao CEESG **5 bolsas do 50% no custo da cota de inscrición.**

Para beneficiarse dunha destas bolsas é requisito estar colexiado/o en situación de alta no CEESG e

solicitalo ao colexio por escrito (vía fax, email, correo postal, ou na propia oficina).

O prazo para a solicitude destas bolsas estará aberto ata o día **10 de novembro**, ou ata que se complete a adxudicación das 5 bolsas.

A adxudicación farase por estrita orde de solicitude.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

A XUSTIZA XUVENIL NA ACTUALIDADE. FORMACIÓN E INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MENORES EN CONFLICTO COMO FINALIDADE

Organiza: Asociación Camiña Social.

Lugar: Salón de actos da Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela (módulo A).

Datas: 29 e 30 de outubro.

Prazo de inscrición: do 10 ao 24 de outubro.

Información e inscricións: Asociación Camiña Social.

Av. da Coruña, 40-4ºB CP: 27003 Lugo

Tel: 982 253 416 / 982 242 697

caminasociallugo@caminasocial.net

<http://www.caminasocial.net>

MEDIACIÓN FAMILIAR E SERVIZOS SOCIAIS

Organiza: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Lugar e datas: Santiago, do 3 ao 5 de decembro de 2007.

Prazo de inscrición: ata o 5 de novembro.

Información e inscricións: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

Tel.: 91 363 74 85 / 91 363 51 69

mvelascob@mtas.es

<http://www.mtas.es/SGAS/Formacion/Plan2007/tss5.htm>

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña): Anuncio das bases xerais reguladoras da selección mediante acceso libre das prazas de persoal laboral fixo recollidas na oferta de emprego público de 2007, que foron publicadas integramente no BOP de 15/05/2007. (DOG de 25/09/2007)

OUTROS

Ministerio de Sanidade e Consumo: Orde pola que se convoca a concesión de axudas económicas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias (BOE de 11/09/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG de 31/07/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26/09/07)

Presidencia da Xunta de Galicia: Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG de 7/08/07)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (DOG de 8/08/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Convenio de colaboración entre o Instituto da Muller e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres (BOE de 27/07/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Corrección de erros do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais (DOG de 21/09/2007)

OUTRAS CONVOCATORIAS

PREMIOS Á ACCIÓN SOCIAL

Convoca: Fundación Randstad.

Obxecto: Entidades que desenvolvan actividades de sensibilización e integración laboral de persoas en risco de exclusión social.

Participantes: Poderán optar ao premio como participantes, e ser por tanto candidatas a gañalo, as entidades españolas así como as sucursais en España de entidades estranxeiras que, a criterio do xurado da Fundación Randstad, colaborasen á integración laboral de persoas en risco de exclusión social.

Prazo: 31 de xaneiro de 2008.

OFERTAS DE EMPREGO



Posto: Formador/a de ocio e tempo libre.

Asociación de persoas con discapacidade precisa persoal para encargarse da formación nos programas de autonomía e vida independente e ocio e tempo libre dos seus usuarios. A partir de 25 anos. Necesaria experiencia como animador/a sociocultural e titulación en Educación Social ou animación sociocultural.

Localidade: Ourense

Para contactar: www.cimoemprego.com ou chamando ao 988391525 ou 902116039 (Telemprego CIMO)

Máis ofertas en www.cimoemprego.com e www.colexioeducadores.com

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:



Recorda: Dándote de alta no servizo de **AVISOS ON-LINE** da web www.colexioeducadores.com recibirás información destacada no teu correo electrónico que polo seu axustado prazo non pode ser incluída no *Boletín do CEESG*.

Infórmate de cómo facelo no colexio ou no *Boletín do CEESG* de marzo de 2007.